

CONCURSO

AeroVision 2024

12 de abril

Día Internacional dos Voos Espaciais Tripulados

Día da Cosmonáutica



© Espazo Aires de Iríñax. Vitrina: Vitrina de Comunicación e Relacións Institucionais. Fotografía: Irene Vento Peña, gañadora de AeroVision 2023.

Envía as túas fotografías
antes do 20 de marzo de 2024
Máis información en aero.uvigo.es

CONCURSO

AeroVision 2024

12 de abril

Día Internacional dos Voos Espaciais Tripulados
Día da Cosmonáutica



Universidade de Vigo

Escola de Enxeñaría
Aeronáutica e do Espazo

Resolución do concurso

1. O **xurado** estará formado por un/ha representante do sector aeronáutico e/ou espacial, un/ha representante do sector da fotografía e un/ha membro do equipo directivo da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.
2. A decisión do xurado será publicada na páxina web da EEAE e comunicada por e-mail aos participantes.
3. As fotografías gañadoras expóranse **temporalmente** en instalacións do Campus de Ourense.
4. A resolución de premios e a exposición temporal das fotografías terá lugar o Día Internacional dos Voos Espaciais Tripulados e o Día da Cosmonáutica 12 de abril. A entrega dos premios farase o día da graduación da quinta promoción do GEA, 7 de xuño.
5. As fotografías presentadas a concurso pasarán a ser **propiedade exclusiva da EEAE**, non podendo ser utilizadas polo autor/a en outros concursos ou publicacións. A EEAE poderá facer o uso que considere oportuno das mesmas. Nese caso, a/s fotografía/s utilizada/s presentarán sempre unha referencia ao seu autor/a.
6. A EEAE non se fai responsable da **incorrecta manipulación** do material enviado por persoas alleas a esta institución ou por extravío do correo.
7. A decisión do xurado é inapelable.
8. O concurso fotográfico *AeroVision 2024* poderá ser **anulado** se non se presenta un mínimo de fotografías.
9. O xurado **rexeará** as fotografías que non cumpran o especificado nestas bases.
10. A participación no concurso implicará a plena **aceptación** destas bases.

Premios

Os premios do concurso serán os seguintes:

- Primeiro premio: un dron
- Segundo premio: un telescopio
- Terceiro premio: uns prismáticos

Máis información

Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo
Campus universitario - Campus Auga
32004 Ourense
Tel.: 988 387329
aerovision@uvigo.es

AeroVision 2024

A temática do concurso de fotografía *AeroVision* é o ámbito aeronáutico e/ou espacial.

Bases de participación

1. As imaxes deben ser orixinais e deberán amosar situación, paisaxes ou circunstancias relacionadas co ámbito aeronáutico e/ou espacial.
2. Admítense obras en branco e negro e a cor, realizadas mediante calquera técnica fotográfica.
3. Admitirase un máximo de **1 obra orixinal** por autor/a, sendo esta orixinal e inédita e non presentándose con anterioridade noutros concursos, webs ou calquera outro medio dixital ou impreso.
4. As fotografías poderanse enviar por correo electrónico en formato JPEG, o tamaño máximo do arquivo non debe superar, en ningún caso, os 5MB de peso e deberán ter unha resolución mínima de 200 ppp a **aerovision@uvigo.es** ou a través dun programa de transferencia de arquivos a **aerovision@uvigo.es**. No asunto do correo electrónico indícarase "II Concurso AeroVision 2024" no e-mail indícarase: título da fotografía, autor e descrición en 5 liñas da fotografía coa adecuación á temática do concurso.
5. A data límite de recepción de fotos será o **20 de marzo de 2024** ás 23:59 h. Calquera fotografía recibida despois desta data non poderá participar neste concurso.
6. A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases.